



Os Bolechas

guías


PEPE CARREIRO




Familias acolledoras




Balbino vive coa nai e co pai. Como moitas outras nenas e nenos. Están a xogar á oca.



Mais a mamá e o papá de Balbino **teñen algúns problemiñas** e mentres non os resolvan non o poden coidar.



Hai moitas familias con problemiñas como os da familia de Balbino.




E tampouco poden coidar as fillas e os fillos mentres non os resolvan!



Onde van vivir, entón, Balbino e todas as nenas e nenos que as súas mamás e os seus papás non poden coidar?







Porque **todas as nenas e nenos do mundo teñen dereito a viviren nunha familia!**




Algunhas destas nenas e nenos van vivir con outras persoas da súa familia.

Ou van con **familias acolledoras**. Como a de Noa, a de Lino, a de Abel ou a de Celia.







Mais algunhas nenas e nenos teñen que ir a unha **residencia**. Porque non hai bastantes familias acolledoras.



Balbino está preocupado. Atopará unha familia acolledora ou terá que ir a unha residencia?




Balbino atopou unha familia acolledora!
Vai vivir cos Bolechas, **mentres a súa mamá e os seu papá non resolvan os problemñas.**



–Ola, Balbino!

–Ola! Veño vivir unha temporada convosco.




Balbino ten un pouco de vergonza.
E os Bolechas tamén.

–O... o noso can chámase Chispa –di Carlos.




Mais logo collen confianza.


–Sabes unha cousa, Balbi? Agora somos sete irmáns e un can, gha, gha, gha!




Balbino dorme na cama de arriba da liteira de Pili e Loli e lerian moito antes de adormecerem.




El é o quinto en ducharse. Vai detrás de Carlos, Pili, Loli e Braulio. Porque Carlos ten 7 anos, Pili e Loli 6, Braulio 5 e el catro e medio.



Agora Balbino ten **dúas familias**. A súa e a dos Bolechas. Cada pouco vai ver a súa mamá e o seu papá e pasa o día con eles.



—Os meus novos irmáns chámanse Carlos, Pili, Loli, Braulio, Sonia e Tatá. E temos un can que se chama Chispa —cóntalles Balbino.



A mamá e o papá de Balbino tamén falan coa mamá e o papá dos Bolechas. Lévanse moi ben as dúas familias.



–Levádelle o seu xogo da oca. Encántalle este xogo –di a mamá de Balbino.



Acougo fai actividades para as nenas e nenos que están en familias acolledoras.

Acougo é unha asociación galega de familias de acollida.

Balbino participa nas actividades de Acougo e fixo moitas amigas e amigos nelas.



Con Carmela
xoga ao fútbol.


Con Emilio vai a pintura.




Con Rebeca fai teatro.



Con Luciano toca a frauta.







Carmela volveu á súa casa, porque a súa mamá e os seu papá **resolveron os problemiñas**.




A Emilio **adoptouno** a súa familia acolledora.
E segue vendo a súa outra familia.



Rebeca **levava tempo nunha residencia** e
comezou a vivir cunha familia acolledora.




Luciano tamén vive cunha familia que o protexe.
Todas son familias que protexen. Tanto as que
acollen como as que adoptan.



Os Bolechas e Balbino van ao parque acuático.
–Voume botar polo tobogán xigante –di el.



–Vale, Balbi! Pois eu voume botar polo tobogán
superxigante –retruca Pili.



Os Bolechas e Balbino bótanse polo tobogán xigante e mais polo superxigante.



–Sabedes unha cousa? Eu de grande **tamén**
vou ser familia acolledora! –di Balbino.



Asociación galega de familias de acollida

todo neno merece unha familia... ou días